

**18770** REAL DECRETO 2098/2004, do 22 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 157/1995, do 3 de febreiro, polo que se establecen as condicións de preparación, de posta no mercado e de utilización dos pensos medicamentosos. («BOE» 266, do 4-11-2004.)

Mediante o Real decreto 157/1995, do 3 de febreiro, establécense as condicións de preparación, de posta no mercado e de utilización dos pensos medicamentosos. Esta norma incorporou ao noso ordenamento a Directiva 90/167/CEE do Consello, do 26 de marzo de 1990, que establece as condicións de preparación, de posta no mercado e de utilización dos pensos medicamentosos.

A Comisión Europea solicitoulle ao ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción de medidas que garantan a correcta aplicación da Directiva 90/167/CEE, ao se teren presentado algunhas dúbidas na aplicación do citado Real decreto 157/1995, do 3 de febreiro, no que se refire ao alcance da obriga de que os pensos medicamentosos sexan entregados directamente ao gandeiro ou a persoas que teñan no seu poder animais.

Á vista destes antecedentes e da experiencia adquirida, e co fin de facilitar a libre circulación intracomunitaria destas mercadorías, que específica e expresamente considera a Directiva 90/167/CEE, faise necesaria unha modificación parcial no artigo 16 do Real decreto 157/1995, do 3 de febreiro, no cal se prevexa a posibilidade de almacenamento intermedio dos pensos, sen prexuízo da súa prohibición cando o exixan as normas de policía sanitaria.

Este real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos sectores afectados, e sometido ao informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de outubro de 2004,

#### DISPÓÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 157/1995, do 3 de febreiro, polo que se establecen as condicións de preparación, de posta no mercado e de utilización dos pensos medicamentosos.*

A alínea c) do número 2 do artigo 16 do Real decreto 157/1995, do 3 de febreiro, polo que se establecen as condicións de preparación, de posta no mercado e de utilización dos pensos medicamentosos, queda redactado do seguinte modo:

«c) Circular directamente, sen prexuízo da posibilidade de almacenamento intermedio, á explotación de destino, acompañados, en todo momento, da documentación sinalada na alínea b) precedente. Non obstante, a autoridade competente poderá, nos casos previstos nas normas de policía sanitaria a que se refire o número anterior, prohibir o almacenamento intermedio entre o fabricante e a explotación de destino.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.16. da Constitución para ditar a lexislación sobre produtos farmacéuticos.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**18771** ORDE SCO/3566/2004, do 7 de outubro, pola que se establece o documento oficial de control sanitario de mercadorías destinadas a uso e consumo humano. («BOE» 266, do 4-11-2004.)

A Orde do 20 de xaneiro de 1994 pola que se fixan modalidades de control sanitario a produtos de comercio exterior destinados a uso e consumo humano e os recintos aduaneiros habilitados para a súa realización, estableceu no seu anexo III un documento de control sanitario para estas mercadorías. Este documento baséase no anexo B da Decisión 93/13/CE, pola que se establecen os procedementos dos controis veterinarios nos postos de inspección fronteirizos da Comunidade Europea ao se introduciren produtos procedentes de países terceiros. Este documento foi utilizado polos servizos de Sanidade Exterior ata o momento para o control de produtos destinados ao uso e o consumo humano.

O Regulamento (CE) N. 136/2004 da Comisión, do 22 de xaneiro de 2004, polo que se establecen os procedementos de control veterinario nos postos de inspección fronteirizos da comunidade dos produtos importados de países terceiros, derroga a Decisión 93/13/CE e establece un novo documento de control: o documento veterinario común de entrada, que se aplica unicamente aos produtos definidos no artigo 2, alínea j) do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros. Para o resto dos produtos destinados a consumo humano susceptibles de inspección sanitaria, enténdese que sería aplicable o documento descrito no anexo III da citada orde ministerial.

Habería por tanto unha duplicidade nos documentos de control sanitario de mercadorías destinadas a uso e consumo humano: o DVCE establecido no Regulamento (CE) N. 136/2004, para os produtos recollidos no Real decreto 1977/1999, e o documento de control sanitario de mercadorías establecido no anexo III da Orde do 20 de xaneiro de 1994, para o resto de produtos destinados a uso e consumo humano. Por iso, con independencia da aplicabilidade do regulamento comunitario citado, trátase de establecer un documento único para todas as mercadorías destinadas a uso e consumo humano susceptibles do control sanitario de fronteira en España.

Na elaboración da presente orde foron oídos os sectores afectados, e dítase ao abeiro das competencias exclusivas que, en materia de sanidade exterior e de comercio exterior, lle atribúe ao Estado o artigo 149.1, 10 e 16 da Constitución e de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Documento oficial de control sanitario de mercadorías destinadas a uso e consumo humano.*—Apróbase o modelo de documento de control sanitario de mercadorías que se recolle no anexo I desta orde.

1. O modelo de documento oficial de control sanitario de mercadorías aplicarase:

a) Aos produtos destinados a consumo humano definidos na alínea j) do artigo 2 do Real decreto 1977/1999. As instrucións para cubrir o citado documento recóllense na parte 1 do anexo II desta orde.

b) Ao resto de produtos, non recollidos na alínea anterior, pero si recollidos no anexo I da Orde do 20 de xaneiro de 1994. As instrucións para cubrir o citado documento recóllense na parte 2 do anexo II desta orde.

2. Este documento consta de dúas partes:

a) A parte 1, referente aos datos da partida presentada, será cuberta polo responsable da carga.

b) A parte 2, correspondente á decisión sobre a partida, será cuberta polo inspector de sanidade exterior designado.

Ambas as partes do documento unicamente poderán ser separadas polo inspector designado, unha vez que fose totalmente cuberto na súa parte 2, asinado, selado e datado.

Segundo. Documento addenda.

1. Apróbase o modelo de documento addenda ao documento oficial de control sanitario de mercadorías, que se recolle no anexo III desta orde, para aquelas partidas que orixinan que o espazo establecido nos documentos oficiais non sexa suficiente e que se requira un espazo maior para listalos.

2. As instrucións para cubrir o modelo de documento addenda recóllense no anexo IV desta orde.

Terceiro. Formato de documentos.—Os modelos do documento oficial de control sanitario de mercadorías compóranse de 8 páxinas autocopiativas 4 a 4. Unha vez emitido o ditame sanitario, os catro exemplares distribuiranse respectivamente:

1. Ao primeiro establecemento de destino.
2. Ao responsable na carga.
3. Á administración de aduanas.
4. Ao posto de inspección fronteirizo ou recinto aduaneiro habilitado.

Cuarto. *Distribución de documentos e comunicación electrónica.*—O Ministerio de Sanidade e Consumo editará e distribuirá os documentos de control sanitario de mercadorías, polas canles establecidas e/ou poderá desenvolver sistemas de comunicación por vía electrónica para a notificación destes documentos de control sanitario de mercadorías.

Quinto. *Excepcións.*—Non se utilizará o modelo de documento oficial de control sanitario de mercadorías destinadas a uso e consumo humano aquí establecido nos casos en que sexa preceptiva, por disposición legal ou regulamentaria, a utilización doutros documentos.

Sexto. *Derrogación normativa.*—Queda derrogada a disposición quinta e o anexo III da Orde do 20 de xaneiro de 1994 pola que se fixan modalidades de control sanitario a produtos de comercio exterior destinados a uso e consumo humano e os recintos aduaneiros habilitados para a súa realización.

Sétimo. *Entrada en vigor.*—A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 7 de outubro de 2004.

SALGADO MÉNDEZ

## ANEXO I



## DOCUMENTO OFICIAL DE CONTROL SANITARIO DE MERCADORÍAS

## DOCUMENTO OFICIAL DE CONTROL SANITARIO DE MERCADORÍAS

<b>Parte 1: Datos da partida presentada</b>	1. Expedidor(a)/ Exportador(a): <input type="checkbox"/>		2. Nº de referencia do DVCR:	
			Posto de inspección fronteiriza:	
			Nº de unidade ANIMO	
	3. Destinatario/a:		4. Interesado/a na carga:	
	5. Importador/a:		6. País de orixe: <input type="text"/> † Código ISO	7. País de procedencia: <input type="text"/> † Código ISO
			8. Enderezo de entrega da partida:	
	9. Chegada ao PIF (data estimada):		10. Documentos veterinarios:	
	11. Nome do buque / Nº de voo:		Número(s):	
	Nº do coñecemento de embarque / nº de coñecemento aéreo:		Data de emisión:	
	Nº de vagón / vehículo / remolque:		Establecemento de orixe (se procede):	
			Nº de autorización veterinario:	
	12. Tipo de mercadería, número e tipo de vultes:		13. Código de produto (código NC, primeiros 4 díxitos mínimo):	
		14. Peso bruto (kg):		
		15. Peso neto (kg):		
Temperatura: <input type="text"/>		Refrigerado: <input type="text"/>	Conxelado: <input type="text"/>	Ambiente: <input type="text"/>
16. Número(s) do(s) precinto(s) e número do(s) contedor(es):				
17. Transbordo a: <input type="text"/>		18. Tránsito cara a un país terceiro: <input type="text"/>		
PIF da UE: <input type="text"/> Nº de unidade ANIMO		País terceiro: <input type="text"/> + Código ISO:		
País terceiro: <input type="text"/> + Código ISO		PIF de saída: <input type="text"/> Nº de unidade ANIMO		
19. Conformidade con os requisitos da UE:		20. Para reimportación <input type="text"/>		
Conforme <input type="text"/>				
NON conforme <input type="text"/>				
21. Para o mercado interior:		22. Para as partidas NON conformes:		
Consumo humano: <input type="text"/>		Depósito aduaneiro: <input type="text"/> Nº de rexistro:		
Alimentación animal: <input type="text"/>		Zona franca ou depósito franco: <input type="text"/> Nº de rexistro:		
Uso farmacéutico: <input type="text"/>		Provedor marítimo: <input type="text"/> Nº de rexistro:		
Uso técnico: <input type="text"/>		Buque: <input type="text"/> Nome:		
Outros: <input type="text"/>		Porto: <input type="text"/>		
23. Declaración: Quen abaixo asina, persoa interesada na carga descrita, certifica que, segundo o seu leal saber e entender, os datos que figuran na parte 1 deste documento están completos e son certos, e comprométese a observar os imperativos legais derivados da Directiva 97/78/CE, incluídos o pagamento dos controis veterinarios, e para facerse cargo de novo de calquera partida rexistada tras ter transitado pola UE cara a un país terceiro (artigo 11.1.c) ou, se é o caso, os custos da destrución.		Lugar e data da declaración:		
		Nome e apelidos do/a asinante:		
		Sinatura:		

## DOCUMENTO OFICIAL DE CONTROL SANITARIO DE MERCADORÍAS



<b>Parte 2. Decisión sobre a partida</b>	24. DVCE previo: Non <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> N° de referencia:	25. N° de referencia do DVCE:
	26. Control documental: Satisfactorio: <input type="checkbox"/> Non satisfactorio: <input type="checkbox"/>	27. Control de identidade: Control de precinto <input type="checkbox"/> ou control de identidade completo <input type="checkbox"/> Satisfactorio <input type="checkbox"/> Non satisfactorio <input type="checkbox"/>
	28. Control fisico: Satisfactorio: <input type="checkbox"/> Non satisfactorio: <input type="checkbox"/> Non realizado: 1. Réxime de controis reducidos <input type="checkbox"/> 2. Outros <input type="checkbox"/>	29. Análise de laboratorio: Non <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Probas analíticas: Aleatorias <input type="checkbox"/> Por sospeita <input type="checkbox"/> Resultados: Satisfactorio <input type="checkbox"/> Non satisfactorio <input type="checkbox"/> Despachada por falta de resultado(s) <input type="checkbox"/>
	30. APTO para o transbordo: PIF da UE: <input type="checkbox"/> N° de unidade ANIMO: <input type="checkbox"/> País terceiro: <input type="checkbox"/> + Código ISO: <input type="checkbox"/>	31. APTO para o tránsito <input type="checkbox"/> País terceiro: <input type="checkbox"/> + Código ISO: <input type="checkbox"/> PIF de saída: <input type="checkbox"/> N° de unidade ANIMO: <input type="checkbox"/>
	32. APTO para o mercado interior Despacho a libre práctica: Consumo humano <input type="checkbox"/> Alimentación animal <input type="checkbox"/> Uso farmacéutico <input type="checkbox"/> Uso técnico: <input type="checkbox"/> Outros: <input type="checkbox"/>	33. APTO para ser transportado baixo vixilancia (canalización): Procedemento do artigo 8 <input type="checkbox"/> Reimportación produtos da UE (Art. 15) <input type="checkbox"/>
	35. NON APTO: 1. Reexpedición <input type="checkbox"/> 2. Destrucción <input type="checkbox"/> 3. Transformación <input type="checkbox"/> Data límite: <input type="checkbox"/>	34. APTO para procedementos específicos de almacenamento en depósito (Art. 12.4 e 13): Depósito aduaneiro <input type="checkbox"/> Zona franca ou depósito franco <input type="checkbox"/> Provedor marítimo <input type="checkbox"/> Directamente a un buque <input type="checkbox"/>
	37. Información sobre os destinos baixo control (33 – 35) N° de autorización (se procede): <input type="checkbox"/> Enderezo: <input type="checkbox"/>	36. Motivos do rexeitamento: 1. Ausencia de certificado / Certificado non válido <input type="checkbox"/> 2. País non autorizado <input type="checkbox"/> 3. Establecemento non autorizado <input type="checkbox"/> 4. Produto prohibido <input type="checkbox"/> 5. CI. Non se corresponde ecs documentos <input type="checkbox"/> 6. CI. Ero nas marcas sanitarias <input type="checkbox"/> 7. Hixiene deficiente <input type="checkbox"/> 8. Contaminación química <input type="checkbox"/> 9. Contaminación microbiana <input type="checkbox"/> 10. Outros: <input type="checkbox"/>
	38. Partida reprecintada Novo número de precinto: <input type="checkbox"/>	40. Veterinario oficial O/A veterinario/a oficial, ou inspector/a oficial abaixo asinante certifica que os controis veterinarios desta partida se realizaron conforme os requisitos da Unión Europea.  Sinatura: Nome e apelidos (en maiúsculas): <input type="text"/>  Data: <input type="text"/>
	39. Identificación completa do P. I. F./autoridade competente e selo oficial:   Data: <input type="text"/>  Selo oficial: <input type="text"/>	41. PIF de saída do tránsito: os trámites de saída da CE e os controis da mercadoría en tránsito efectuáronse conforme o artigo 11.2.e) da Directiva 98/78/CE  42. Documento aduaneiro de referencia: <input type="text"/>  43. DVCE(s) sucesivo(s): Número(s) <input type="text"/>

## ANEXO II

### Instrucións para cubrir o documento oficial de control sanitario de mercadorías

#### Parte 1. Instrucións aplicables aos produtos da alínea a) punto 1 da disposición primeira da orde

O documento oficial de control sanitario de mercadorías denominarase para estes produtos: «DOCUMENTO VETERINARIO COMÚN DE ENTRADA», a partir de agora DVCE.

As normas xerais para cubrir o documento son:

Deberase escribir en maiúsculas.

Non se admitirán: rascadelas non xustificadas, emendas, raspaduras, letras de diferente tipo ou correccións con «Tipp-ex».

Todos os recadros deben ser ou ben cubertos ou ben riscados: marcarase cunha cruz o cadradiño que corresponda á «única opción correcta» e invalidaranse o resto de opcións mediante un trazo horizontal,

Os recadros que se poidan suprimir (ou que non sexan pertinentes) débense riscar claramente ou anular cunha cruz «todo o recadro»,

Unha vez completado o certificado, tanto o responsable da carga, como o veterinario que asina o certificado, deben comprobar que todas as páxinas autocopiativas son perfectamente lexibles e comprensibles.

Débese cubrir un DOCUMENTO DE CONTROL SANITARIO DE MERCADORÍAS por cada partida que se presente nun posto de inspección fronteirizo, salvo para os casos previstos no artigo 16 do Real decreto 1977/99.

Os códigos ISO dos países corresponden ao código internacional de dúas letras.

En cada recadro seguiranse as seguintes instrucións:

**Recadro 1.** Expedidor(a)/Exportador(a): anotarse a empresa comercial do país terceiro que envía a partida (empresa mercantil).

**Recadro 2.** Comprende a indicación de:

Número de referencia do DVCE: é o «único recadro da Parte 1 do DVCE que se presentará sen cubrir ao veterinario oficial», posto que é o número de referencia único atribuído polo PIF que expide o certificado (repítese no recadro 25).

Posto de inspección fronteirizo (PIF): cando o PIF estea composto por máis dun centro de inspección, indicar o nome do CI onde vaia estar colocada a mercadoría, a continuación do nome do PIF.

Número de unidade ANIMO: código único de autorización dun PIF, establecido pola Decisión 2001/881/CE.

Cubrirase sempre, independentemente de que se cubra ademais a addenda ao DVCE.

**Recadro 3.** Destinatario/a: indicarse o nome e o enderezo completo da persoa ou empresa que conste no certificado do país terceiro; en caso de que o dito certificado non inclúa esta información indicaranse os datos relativos ao destinatario que conste nos documentos comerciais pertinentes (pode coincidir cos recadros 4 e 5).

**Recadro 4.** Interesado/a na carga:

Persoa definida na letra h) do punto 2 do artigo 2 do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, responsable da partida cando esta chega ao PIF e encargada de efectuar as oportunas declaracións ás autoridades competentes en nome do importador.

Indíquese o nome, os apelidos e o enderezo completo (pode coincidir cos recadros 3 e 5).

**Recadro 5.** Importador/a: indicar nome, apelidos e enderezo.

Se está legalmente regulado, débese indicar obrigatoriamente o número de rexistro sanitario (pode coincidir cos recadros 3 e 4).

Se coincide co axente, indíquese «Véxase recadro 4». Se coincide co destinatario, indíquese «Véxase recadro 3».

**Recadro 6.** País de orixe: país en que se producise, manufacturase ou envasase o produto final (pode coincidir co recadro 7).

**Recadro 7.** País de procedencia: país en que se cargase o produto no medio de transporte final para o seu envío á UE (pode coincidir co recadro 6).

**Recadro 8.** Enderezo de entrega da partida: enderezo de entrega na UE. Aplícase tanto aos produtos que se axustan ás normas comunitarias (recadro 19) como aos que non se axustan a elas (recadro 22). Se a partida se distribúe desde o PIF a distintos destinatarios, indicar o nome do PIF ou CI.

**Recadro 9.** Chegada ao PIF (data estimada): data en que se prevé que a partida chegue fisicamente ao PIF.

**Recadro 10.** Documentos veterinarios: refírese aos certificados/documentos veterinarios de orixe.

Número: número oficial do certificado/documento.

Data de emisión: é a data en que o veterinario oficial ou a autoridade competente asinou o certificado/documento veterinario. É anterior á saída da partida do país de expedición.

Establecemento de orixe: débese indicar o nome ou os nomes. No caso de se tratar de varios establecementos e números de autorización, estes separaranse por unha barra ou listaranse nunha columna na parte dereita do recadro.

N. autorización veterinario: se se trata de produtos procedentes dun ou de varios establecementos ou dun buque autorizado ou rexistrado, indíquense o/os nome/s e os seus correspondentes número/s de autorización/rexistro.

Cubrirase SEMPRE, independentemente de que se cubra ademais a addenda ao DVCE. En caso de que efectivamente se cubra a addenda, no DVCE indicarse o número total de establecementos e anotarse: «VER addenda».

**Recadro 11.** Nome do buque/número de voo. Neste recadro débense anotar todos os datos dos medios de transporte de chegada:

Número de voo e do coñecemento aéreo en caso de transporte por avión;

Nome do buque e número do coñecemento de embarque en caso de transporte por vía marítima;

Número de matrícula do camión (e, se é o caso, do remolque) en caso de transporte por estrada;

Número do tren e do vagón en caso de transporte por ferrocarril.

**Recadro 12.** Tipo de mercadoría, número e tipo de vultos:

Indicar a súa natureza (especie animal de orixe), por exemplo: «carne de porcino», ou «filetes de pescada».

Tratamento a que se someteron os produtos, por exemplo: «conxelado».

A temperatura do produto durante o almacenamento e o transporte. Sinalarse o recadro da opción correcta: refrixerado, conxelado ou ambiente, e invalidarase o resto.

Número e tipo de vultos que compoñen a partida (por exemplo, 50 caixas de 25 Kg). Débese entender como unidades de embalaxe ou vultos no argot aduaneiro.

Número de contedores que compoñen a partida, por exemplo, «3 contedores». A identificación do número do contedor realízase no recadro 16.



Cubrirase SEMPRE, independentemente de que se cubra ademais a addenda ao DVCE. En caso de que efectivamente se cubra a addenda, no DVCE completaranse as indicacións e anotarase: «VER addenda».

Recadro 13. Código de produto: haberá que indicar, como mínimo, as catro primeiras cifras do código de nomenclatura combinada (NC), de maneira que mediante este código se identifique un produto e non un grupo, de acordo coa última modificación do Regulamento (CEE) n. 2658/87.

Estes códigos figuran tamén na Decisión 2002/349/CE, e son idénticos aos códigos do sistema harmonizado internacional.

Cubrirase SEMPRE, independentemente de que se cubra ademais a addenda ao DVCE. En caso de que efectivamente se cubra a addenda, no DVCE indicárase:

Número total de códigos de nomenclatura combinada aduaneira distintos. Por exemplo, 4 códigos NC.

E a mención: «VER addenda».

Recadro 14. Peso bruto (Kg): peso agregado das mercadorías e de todas as súas embalaxes, excluídos os contedores de transporte e demais material de transporte. Peso en quilogramos. En principio debe ser en unidades do sistema métrico internacional, é dicir, en quilogramos. Se aparece noutra unidade, o responsable na carga ten que facer a conversión.

Recadro 15. Peso neto (Kg.): peso do produto mesmo, excluídas as embalaxes. Se a indicación do peso non é procedente, utilídense outras unidades (por exemplo, 3 cepas/embríos biolóxicos). En principio debe ser en unidades do sistema métrico internacional, é dicir, en quilogramos. Se aparece noutra unidade, o responsable na carga ten que facer a conversión.

Recadro 16. Número(s) do(los) precinto(s) e número(s) do(los) contedor(es): indicáranse todos os números de identificación do precinto e, se é o caso, do contedor, indicando primeiro a identificación do contedor, e a continuación, a do precinto.

Cubrirase SEMPRE, independentemente de que se cubra ademais a addenda ao DVCE. En caso de que efectivamente se cubra a addenda, no DVCE indicárase:

Como mínimo o número total de precintos e contedores distintos. Por exemplo: Total 8 precintos e 8 contedores.

E a mención: «VER addenda»

Recadro 17. Transbordo a: utilizarase cando a partida non se vaia importar nese PIF, senón que vaia proseguir o transporte a bordo doutro buque ou avión, xa sexa para a súa importación na UE a través dun segundo PIF de Comunidade ou do EEE, xa sexa para a súa expedición a un país terceiro (recadro referente a procedemento veterinario). Neste recadro indicárase:

Se se vai introducir por un segundo PIF na UE: nome do PIF de destino da UE e o seu número de unidade ANIMO (Decisión 2001/881/CE e as súas posteriores modificacións), invalidando a opción do país terceiro.

Se se vai expedir a un país terceiro fóra da UE: nome do país terceiro de destino, e o seu código ISO, e nome do segundo PIF polo que sae da UE, e o seu número de unidade ANIMO (Decisión 2001/881/CE e as súas posteriores modificacións).

Se non se utiliza esta opción, invalidarase o recadro.

Recadro 18. Tránsito cara a un país terceiro: para as partidas que non se axustan ás normas da UE e se envían a un país terceiro por estrada, ferrocarril ou vías navegables pasando polo territorio da UE ou dun Estado do EEE (recadro referente a procedemento veterinario). Neste recadro indicárase:

Nome do PIF de saída (da UE) e o seu número de unidade ANIMO (Decisión 2001/881/CE e as súas posteriores modificacións), nome do país terceiro de destino, e o seu código ISO.

Se non se utiliza esta opción, invalidarase o recadro.

Recadro 19. Conformidade cos requisitos da UE (recadro referente a procedemento veterinario):

CONFORME: produtos que se axustan ás normas da UE, inclúe todos os produtos que se presentan para o seu despacho a libre práctica no mercado interior, incluídos os que sexan aptos para iso pero estean suxeitos ao procedemento de transporte baixo vixilancia, e os que, tras obterem unha autorización veterinaria de despacho a libre práctica, poden ser almacenados baixo control aduaneiro e despachados de aduana posteriormente, xa sexa na aduana de que dependa xeograficamente o PIF xa sexa noutro lugar.

NON CONFORME: produtos que non se axustan ás normas da UE, inclúe os produtos que non cumpren os requisitos da Unión Europea e se destinan a zonas francas, depósitos francos, depósitos aduaneiros, provedores de buques ou buques ou ao tránsito cara a un país terceiro.

É imprescindible que se cubra este campo antes do inicio do control sanitario. Se o responsable na carga non cubriu este recadro paralizárase o procedemento de control ata que se emende. Se o responsable na carga descoñece se son conformes ou non, deberá procurar esta información e cubrir o campo antes de se iniciar o control.

Recadro 20. Para reimportación: feito de reexpedir ao establecemento de orixe da UE unha partida orixinaria da UE cuxa aceptación ou entrada nun país terceiro foi denegada por razóns comerciais (recadro referente a procedemento veterinario).

Recadro 21. Para o mercado interior: partidas que se presentan para a súa distribución no mercado único.

Débese marcar unha única categoría á que pertenza a partida presentada (por exemplo: consumo humano).

Inhabilitarase mediante unha liña horizontal tanto o resto das recadros como o resto das opcións.

Só se cubrirá este recadro cando a partida se declarou como conforme cos requisitos da UE no recadro 19, mesmo cando o destino aduaneiro sexa outro distinto á libre práctica, como depósito aduaneiro, depósito franco, etc.

Recadro 22. Para as partidas NON conformes (recadro referente a procedemento veterinario):

Este recadro cubrirase cando se trate dunha partida de produtos que non son conformes coas normas da UE, que se vaia entregar e almacenar baixo control veterinario.

Só se cubrirá este recadro cando a partida se declarou como non conforme aos requisitos da UE no recadro 19. Ademais, débese indicar o destino exacto, e inhabilitarase mediante unha liña vertical o resto de opcións:

Zona franca ou depósito franco (débese anotar o número de rexistro do depósito),

Depósito aduaneiro (débese anotar o número de rexistro do depósito),

Provedor marítimo (débese anotar o número de rexistro do provedor marítimo),

Avituallamento directo a un buque (débese anotar o nome do buque e o porto).

Recadro 23. Declaración: sinatura do interesado na carga (que corresponde ao recadro 4). Con ela, o asinante obrígase tamén a facerse cargo das partidas en tránsito que se lle devolvan por lle ter denegado un país terceiro a entrada no seu territorio.

Recadro 24. DVCE previo. Se se expediu anteriormente un DVCE, indíquese o número de referencia que aparece no recadro 2 do DVCE previo. Este recadro sempre deberá ser cuberto, aínda que a contestación sexa non.

Recadro 25. N. de referencia do DVCE: trátase do número de referencia atribuído polo PIF que expide o certificado e é o mesmo que o do recadro 2.

Recadro 26. Control documental: débese cubrir para todas as partidas. Indicarase se este control foi ou non satisfactorio.

Recadro 27. Control de Identidade, inclúe:

En primeiro lugar (parte superior do recadro), o tipo de control de identidade que se realizou: porase unha cruz ben no rectángulo de «control do precinto», cando non se abrisen os contedores e só se comprobouse o precinto conxunto o punto 1.da letra a) do punto 3 do artigo 4 do Real decreto 1977/1999, ou ben no rectángulo de «Control de identidade completo».

En segundo lugar (parte inferior do recadro), o resultado do control realizado: indicarase se foi ou non satisfactorio.

Recadro 28. Control físico: indicarase se este control foi ou non satisfactorio.

Se non se realiza este control indicarase a causa:

Os controis reducidos («Réxime de controis reducidos») corresponden ao réxime establecido na Decisión 94/360/CEE.

En «Outros», ademais de sinalar cunha cruz o mencionado recadro, indicarase o procedemento dentro dos seguintes:

Reimportación,  
Transporte baixo vixilancia,  
Transbordo,  
Tránsito,  
Depósito aduaneiro, depósito franco ou zona franca,  
Almacén de avituallamento marítimo.

Estes destinos pódense deducir dos recadros 17 a 22.

Recadro 29. Análise de laboratorio: indicarase se se realizaron ou non no recadro que corresponda á opción correcta. No punto do recadro destinado a «Probas analíticas», consígnense a categoría da substancia ou patóxeno sobre a que se fixese un procedemento de ensaio. Indicarase:

A) O tipo de proba:

«Aleatorias» corresponde a unha mostraxe en que a partida non se retén á espera dos resultados, caso en que se debe informar diso á autoridade competente de destino mediante unha notificación ANIMO (véxase o artigo 8 do Real decreto 1977/1999).

«Por sospeita» corresponde aos casos en que a partida se retivo á espera de resultados, ou se analizou debido a unha notificación previa a través do RASFF, ou por estar vixente unha medida de salvagarda.

B) O resultado: satisfactorio ou non satisfactorio.

C) Cando non se paralice a partida e se tomasen mostras para probas analíticas, marcarase unha cruz en «Despachada por falta de resultado(s)».

Recadro 30. APTO para transbordo (recadro referente a procedemento veterinario): cubrirase para dar o visto e prace ao transbordo. Este recadro débese utilizar cando a partida non se vaia importar a través dese PIF, senón que se vaia seguir o seu transporte a bordo doutro buque ou avión, xa sexa para a súa importación na UE a través dun segundo PIF da comunidade ou do EEE, xa para a súa expedición ao país terceiro de destino. Véxanse o artigo 9 do Real decreto 1977/1999 e a Decisión 2000/25/CE.

Se se importa á UE por outro PIF (ben nacional ou doutro Estado membro) marcarase o recadro de PIF da UE seguido do N. ANIMO do segundo PIF (Decisión 2001/881/CE e as súas posteriores modificacións), anulando a outra opción.

Se a partida se transborda para a súa expedición a un país terceiro de destino, marcarase o recadro País terceiro e o código ISO del, anulando a outra opción.

Os datos coincidirán co consignado no recadro 17.

Recadro 31. APTO para o tránsito (recadro referente a procedemento veterinario): cubrirase cando a partida non cumpra os requisitos da UE, pero poida aceptarse o seu envío a un país terceiro, pasando pola UE ou un Estado da EEE, por estrada, ferrocarril ou vía marítima. O tránsito débese realizar baixo vixilancia veterinaria, de acordo co establecido no artigo 11 do Real decreto 1977/1999 e na Decisión 2000/208/CE. Indicarase:

O PIF da UE de saída e o seu número de unidade ANIMO (Decisión 2001/881/CE e as súas posteriores modificacións), o nome do país terceiro de destino e o seu código ISO.

O recadro 19 deberá indicar mercadoría Non conforme.

Os datos coincidirán co consignado no recadro 18.

Recadro 32. APTO para mercado interior: para todas as partidas que se consideren aptas para o despacho a libre práctica no mercado único. Tamén para as partidas que cumpren as normas da UE pero que, por motivos financeiros, non se despachan inmediatamente de aduana no PIF, senón que permanecen almacenadas baixo control aduaneiro nun depósito aduaneiro ou se van despachar de aduana máis adiante nun lugar de destino separado. Débese marcar unha única categoría á que se destine a partida presentada (por exemplo: consumo humano) e inhabilitar o resto de categorías cunha raia horizontal. O consignado coincidirá co reflectido no recadro 21.

Recadro 33. APTO para ser transportado baixo vixilancia (canalización) (recadro referente a procedemento veterinario): cando se acepte a partida pero esta se deba transportar baixo vixilancia a un destino específico previsto no artigo 8 ao 15 do Real decreto 1977/1999. Indicarase cal das dúas modalidades se adopta. As indicacións sobre a enderezo do lugar de destino ou almacenamento indicarase no recadro 37.

Recadro 34. APTO para procedementos específicos de almacenamento en depósito (art. 12.4 e 13) (recadro referente a procedemento veterinario):

Para todas as partidas que non se axustan ás normas da UE e se vaian transportar ou almacenar en depósitos autorizados consonte o punto 4 do artigo 12 do Real decreto 1977/1999 ou nas instalacións de axentes económicos autorizados consonte o artigo 13 do devandito real decreto.

Cando as partidas non se despachen a libre práctica en virtude da normativa veterinaria, senón que se consideren de alto risco e se expidan baixo vixilancia sanitaria e aduaneira a algún dos destinos controlados previstos no Real decreto 1977/1999.

A aceptación en zonas francas, depósitos francos ou depósitos aduaneiros só é posible cando se cumpran os requisitos establecidos no punto 4 do artigo 12 do Real decreto 1977/1999.

Deberase ter cuberto o recadro 19 con non conforme e o 22 indicando o destino delas.

As indicacións sobre a enderezo do lugar de destino ou almacenamento indicarase no recadro 37.

Recadro 35. NON APTO: denegación da importación, anotarase claramente que se debe facer coa mercadoría e cal é a data límite para iso. Se é o caso, indíquese a ende-

rezo do establecemento de transformación ou destrución no recadro 37.

Recadro 36. Motivos do rexeitamento: marcarase cunha cruz o recadro adecuado. A opción 7 corresponde a deficiencias hixiénicas que non se encadren nas opcións 8 e 9, e inclúe irregularidades no control da temperatura ou produtos putrefactos ou sucios. Se a opción correcta é «Outros», indicar o motivo.

Recadro 37. Información sobre os destinos baixo control (33-35) (recadro referente a procedemento veterinario): indíquese o número de autorización e o enderezo (ou o nome do buque e do porto) de todos os destinos se se precisa un control veterinario posterior da partida, como ocorre nos casos de transporte baixo vixilancia (recadro 33), réxime de almacenamento en depósito (recadro 34) ou transformación ou destrución (recadro 35).

Recadro 38. Partida reprecintada: cando se destrúise o precinto orixinal da partida ao abrir o contedor. Débese conservar unha lista consolidada de todos os precintos utilizados para este fin. **NON UTILIZAR TINTA DE COR NEGRA.**

Recadro 39. Identificación completa do PIF/autoridade competente e selo oficial: selo oficial do PIF ou da autoridade competente en que se indique, polo menos, o nome do PIF onde se cubriu o DVCE. **NON UTILIZAR TINTA DE COR NEGRA.**

Recadro 40. Veterinario oficial. Neste recadro indícase:

Sinatura do veterinario.

Nome e dous apelidos, en maiúsculas.

Data, que se redactará de forma completa en maiúsculas. Por exemplo: 9 DE SETEMBRO DE 2003.

**NON UTILIZARTINTA DE COR NEGRA.**

Recadro 41. PIF de saída do tránsito (recadro referente a procedemento veterinario). **NON UTILIZARTINTA DE COR NEGRA.**

Este recadro debe ser cuberto polo PIF polo que transite a partida antes de saír da UE e en que se controle a saída conforme o disposto na Decisión 2000/208/CE, e o artigo 11.2 e) do RD 1977/99.

En caso de non haber tránsito, neste recadro poderanse indicar as observacións complementarias pertinentes relativas. Exemplo: se durante o transporte se produciu a venda da partida, e o primeiro establecemento destinatario xa non é o que aparece indicado no certificado sanitario de orixe, deberase cubrir este recadro, coa mención «cambio de destinatario», tal e como se indicou anteriormente.

Recadro 42. Documento aduaneiro de referencia:

Este recadro será cuberto pola aduana para engadir información que sexa pertinente (por exemplo, o número do certificado aduaneiro T1 ou T5 cando a partida permaneza baixo control aduaneiro durante un certo tempo).

Esta información engadirase despois da sinatura do veterinario.

Recadro 43. DVCE sucesivo/s: cúbrase este recadro cando o orixinal do documento DVCE deba permanecer nun lugar concreto e sexa preciso expedir documentos DVCE que deriven do primeiro, por exemplo, as transferencias entre depósitos autorizados mediante o artigo 12.4.

#### Parte 2. *Instrucións aplicables aos produtos da alínea b do punto 1 da disposición primeira da orde*

O documento oficial de control sanitario de mercadorías denominarase para estes produtos: «DOCUMENTO OFICIAL DE CONTROL SANITARIO DE MERCADORÍAS».

As normas xerais para cubrir o documento son as mesmas que as descritas na PARTE 1.

En cada recadro seguiranse, por defecto as normas da PARTE 1, coas seguintes consideracións:

As referencias ao «DOCUMENTO VETERINARIO COMÚN DE ENTRADA» entenderanse como referencias ao «DOCUMENTO DE CONTROL SANITARIO DE MERCADORÍAS».

As referencias a «posto de inspección fronteirizo (PIF)» entenderanse como «posto de inspección fronteirizo (PIF) ou recinto aduaneiro habilitado».

As referencias ao «Real decreto 1977/1999» entenderanse como referidas á «Orde do 20 de xaneiro de 1994».

As referencias a «veterinario/a oficial» entenderanse como referencias a «veterinario/a oficial ou inspector/a oficial». Igualmente, as referencias a «procedementos veterinarios» entenderanse como referencias a «procedementos de control oficial».

As referencias a «UE» (Unión europea) entenderanse como referencias a «España». Calquera referencia ao territorio ou á lexislación comunitaria entenderase como referencia á lexislación e ao territorio nacional.

Recadro 11. No caso de despachos de paquetes postais nas aduanas de correos, indícase o n.º de diferido e o n.º de envío.

Recadro 21. Utilizarase tanto para os produtos destinados a mercado interior como para os destinados á exportación que requiran control sanitario. No caso de os produtos non se axustaren ás categorías consignadas neste recadro, marcarase a categoría: «OUTROS» e especificarase o tipo de produtos, por exemplo: produtos sanitarios, cosméticos, biocidas, etc.

Recadro 32. Utilizarase tanto para os produtos destinados a mercado interior como para os destinados á exportación que requiran control sanitario. No caso de os produtos non se axustaren ás categorías consignadas neste recadro, marcarase a categoría: «OUTROS» e especificarase o tipo de produtos, por exemplo: produtos sanitarios, cosméticos, biocidas, etc.



## ANEXO III

**DOCUMENTO ADDENDA  
AO  
DOCUMENTO OFICIAL DE CONTROL SANITARIO DE MERCADORÍAS**



**DOCUMENTO ADDENDA AO DOCUMENTO OFICIAL DE CONTROL SANITARIO DE MERCADORÍAS**

Parte 3: Documento addenda <small>(Datos complementarios da partida presentada)</small>	<b>A.</b> DOCUMENTO OFICIAL DE CONTROL SANITARIO DE MERCADORÍAS AO QUE CORRESPONDE		<b>B.</b> MÁRQUESE O QUE PROCEDA:		
	PRODUTO DEFINIDO NO REAL DECRETO 1977/1999		<input type="checkbox"/>		
	PRODUTO <b>NON</b> DEFINIDO NO REAL DECRETO 1977/1999		<input type="checkbox"/>		
	<b>C.</b> ESTABLECEMENTOS DE ORIXE				
NÚMERO DE AUTORIZACIÓN		NOME			
<b>D.</b> DESCRICIÓN DA PARTIDA					
CÓDIGO (NC) PRODUTO		TIPO DE MERCADORÍA		Nº VULTOS	TIPO DE VULTOS
<b>E.</b> CONTEADOR					
<input type="text"/>					
NÚMERO			PRECINTO		
<b>F.</b> IDENTIFICACIÓN DO/A INTERESADO/A.			<b>G.</b> VISTO E PRACE DO/A VETERINARIO(A)/INSPECTOR(A) OFICIAL.		
Lugar e data de declaración:			Nome e apelidos (en maiúsculas):		
Nome e apelidos do/a asinante:			Cargo:		
Sinatura do/a interesado/a na carga:			Sinatura:		
			Identificación completa do H/F/recinto aduaneiro habilitado e selo oficial:		
			Data:		
			Observacións:		

## ANEXO IV

## Instrucións para cubrir o documento

## ADDENDA

Recadro A. «Documento oficial de control sanitario a que corresponde»: indicárase o n.º de referencia do DVCE ou documento oficial de control sanitario de mercadorías de que procede a addenda. Coincidirá co número do recadro 2 do DVCE ou documento de control sanitario, a que corresponde a addenda.

Recadro B. «Márquese o que proceda». marcarase cunha «x» a opción correcta:

PRODUTO DEFINIDO NO REAL DECRETO 1977/1999: refírese aos produtos definidos no artigo 2, alínea j) Real decreto 1977/1999.

PRODUTO NON DEFINIDO NO REAL DECRETO 1977/1999: refírese aos produtos non recollidos no punto anterior, pero si recollidos no anexo I da Orde do 20 de xaneiro de 1994.

Recadro C. «Establecementos de orixe»: débese indicar o número de autorización e o nome do establecemento/buque de orixe. Coincidirá co número total de establecementos indicado no recadro 10 do DVCE ou documento de control sanitario de mercadorías a que corresponde a addenda.

Recadro D. «Descrición da partida». Relacionarase na mesma liña, o código completo NC do produto, o tipo de mercadoría a que corresponde, e o número e tipo de vultos.

Código completo (NC) de produto: o número de códigos NC coincidirá co indicado no recadro 13 do DVCE ou documento de control sanitario de mercadorías a que corresponde a addenda.

Tipo de mercadoría: disporanse os produtos na mesma orde que para o recadro anterior, de forma que coincidan na mesma liña, o literal do produto, co seu código NC. Indicarase todos os datos que se deberían cubrir no DVCE ou documento de control sanitario de mercadorías, a natureza (a especie animal/vexetal de orixe, ou por exemplo, para os produtos pesqueiros, o nome comercial ou científico) e o tratamento a que foi sometido.

Número e tipo de vultos: número e tipo de vultos de cada un dos produtos relacionados anteriormente, na mesma orde.

Recadro E. «Contedor»: se a partida foi transportada en contedor, marcarase cunha «x» esta opción, en caso contrario, deixárase sen cubrir.

En caso de que teña que ser cuberta, relacionarase na mesma liña, os números do contedor e os números do precinto, indicando todos os números de identificación do contedor e todos os números de identificación dos precintos utilizados en cada contedor. Coincidirá co indicado no recadro 16 do DVCE ou documento oficial de control sanitario a que corresponde a addenda.

Recadro F. «Identificación do/a interesado/a»: indicárase lugar e data da declaración, nome e apelidos do/a asinante, e sinatura.

Recadro G. «Visto e prace do/a veterinario/a oficial, ou axente oficial designado»: con ela dásele conformidade á correspondencia entre o DVCE ou documento de control sanitario, e a addenda. Indicarase:

Nome e dous apelidos, en maiúsculas.

Cargo.

Sinatura do/a veterinario(a) / ou axente oficial designado.

Identificación completa do posto de inspección fronteirizo ou recinto aduaneiro habilitado e selo oficial.

Data.

En caso necesario, o veterinario ou inspector oficial poderá incorporar unhas breves observacións.

# MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**18908** *REAL DECRETO LEXISLATIVO 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados. («BOE» 267, do 5-11-2004.)*

A disposición derradeira cuarta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, autorizou o Goberno para que no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor elaborase un texto refundido da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, e facultouno para regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deben ser refundidos.

Pola súa banda, a disposición derradeira primeira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, dispuxo que a autorización ao Goberno para a elaboración dun texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, conforme a disposición derradeira cuarta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, incluíse a incorporación das modificacións contidas nesa lei, así como as que derivasen do disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, e estableceu, ao tempo, que o prazo dun ano fixado na disposición derradeira cuarta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, se computase a partir da entrada en vigor da Lei 34/2003, do 4 de novembro.

Ao cumprimento do mandato contido en ambas as disposicións obedece este real decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, que pretende ofrecerlle ao destinatario da norma un texto sistemático e unificado, comprensivo da normativa aplicable á ordenación e supervisión dos seguros privados, regularizando, harmonizando e aclarando, cando así é necesario, os textos que se refunden.

O texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados mantén a estrutura e sistemática da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados. A súa parte dispositiva organízase nun total de tres títulos.

Mantense dentro de cada título a mesma división en capítulos e seccións que efectuaba a Lei 30/1995, do 8 de novembro.

O texto refundido complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de outubro de 2004,

## DISP O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

Apróbase o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións á Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, entenderanse efectua-